

# VI TORNEO INTERNACIONAL DE XADREZ CONCELLO DE VALGA

## 22 DE SETEMBRO DE 2019

**Organiza:** Club Xadrez Padron

**Patrocina:** Concello de Valga

**Colabora:** Federación Galega de Xadrez

**Director del torneo:** Antonio Espiñeira Cajaraville

**Local de xogo:** Pavillón Municipal de Baño Valga, Lugar Baño S/N Valga

**Ritmo de xogo:** Sistema suizo a 8 roldas con ritmo de 10 minutos + 3 segundos/xogada.

### **Calendario de xogo:**

10:30: Presentación das listas de xogadores.

11:00: Rolda 1ª.

11:45: Rolda 2ª.

12:30: Rolda 3ª.

13:15: Rolda 4ª.

16:00: Rolda 5ª.

16:45: Rolda 6ª.

17:30: Rolda 7ª.

18:15: Rolda 8ª.

19:00 Clausura, entrega de premios.

### **PREMIOS**

1º	200 € + TROFEO	2º Sub 1800	40 €
2º	150 €	1º Sub 1600	60 €
3º	120 €	2º Sub 1600	40 €
4º	100 €	1º veterano	40 € + TROFEO
5º	90 €	1ª Feminino	40 € + TROFEO
6º	80 €	1º sub 18	40 €
7º	70 €	1º sub 16	TROFEO
8º	70 €	1º sub 14	TROFEO
9º	60 €	1º sub 12	TROFEO
10º	60 €	1º sub 10	TROFEO
11º	60 €	1º sub 8	TROFEO
12º	60 €	1ª Fem sub 16	TROFEO
1º Local	60 € + TROFEO	1º Fem sub 14	TROFEO
1º Sub 2000	60 €	1º Fem sub 12	TROFEO
2º Sub 2000	40 €	1º Fem sub 10	TROFEO
1º Sub 1800	60 €	1º Fem sub 8	TROFEO

- Os premios non son acumulables. En caso de optar a dous premios de igual valor outorgarase o da franxa superior, na orde da táboa.
- Para recoller os premios é obrigatorio estar na cerimonia de clausura.

**Inscripcións:** xeral **8€**, sub14 **4€** antes da primeira rolda no local de xogo.

Máis información en [clubxadrezpadron@gmail.com](mailto:clubxadrezpadron@gmail.com) no teléfono 686 938 024, no WhatsApp 679 167 890 antes do 20 de Setembro do 2019 as 12:00 horas.

Os xogadores con bandeira ESP terán que estar federados para poder participar.

**Exentos GM, IM, MF e xogadores con elo igual ou superior a 2300 na lista de elo FIDE RAPIDO en vigor.**

### **BASES TÉCNICAS**

- O árbitro principal será o árbitro internacional Evaristo Rodríguez López
- Antes do inicio da primeira rolda publicaranse a orde de forza só ordenada por ELO FIDE de rápidas; para que non tivese elo FIDE de rápidas tomarase o elo FIDE estándar.
- **Empregarase o programa Vega para realizar os emparellamentos.**
- Aplicarase o artigo A4 (partidas sen supervisión axeitada)
- Non se permitirá analizar partidas na sala de xogo.
- **O tempo de retraso permitido será de 10 minutos**, pasados os cales o xogador que non compareza perderá o encontro.
- O xogador que teña unha incomparecencia sen causa xustificada será retirado do torneo.
- Torneo válido para Elo FIDE de rápidas.
- Permítese un máximo de 3 byes de 0,5 puntos nas 5 primeiras roldas.
- Unha rolda publicada non se poderá modificar, salvo que o árbitro decida outra cousa.
- Se se introduce un resultado mal e se publica a rolda, esta non se modificará a non ser que o árbitro principal decida outra cousa.
- A participación no torneo supón a aceptación destas bases.

### **SISTEMAS DE DESEMPATE**

- Enfrontamento directo sempre que todos os xogadores empatados a puntos xogaran entre sí.
- Buchholz brasileiro ou corte -1\*
- Buchholz total\*
- Sonneborn-Berger
- APRO

(\*) No bucholz, aplicarase a modalidade do oponente virtual nas partidas non disputadas.

## **ACEPTACIÓN:**

Os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do torneo á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación ou en publicidade e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fíxa no Código Civil, na Lei de Enxuzamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

## **CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE**

A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN , a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de:

Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

Esta autorización pode ser revocada en cualquier momento polo Interesado, coa salvedade de aquelas actuacións/campañas que estean en marcha, en cuxo caso deberán finalizar para que empece a facer efecto a revocación, polo que a retirada do consentimento, non terá carácter retroactivo.